



Milla Urbana – Concello de Valdoviño REGULAMENTO

1.-ORGANIZACIÓN

O Concello de Valdoviño organiza a XI Milla Urbana 2024.

Terá lugar o domingo 22 de setembro no Paseo da Lagoa, (Valdoviño) a partir das 11:00.

2.-PARTICIPANTES

A participación está aberta a todas as persoas, federadas ou non, independentemente da súa idade cunha clasificación conxunta.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e declara dispoñer dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

3.-CATEGORÍAS

CATEGORÍAS	NADOS/AS
Biberón	2017 e posteriores
Benxamín	2015-2016
Alevín	2013-2014
Infantil	2011-2012
Cadete	2009-2010
Xuvenil	2007-2008
Junior	2005-2006
Promesa	2002-2004
Senior	1990-2001
Veterano 1	1984-1989
Veterano 2	1975-1983
Veterano 3	1964-1977
Veterano 4	1963 e anteriores

4.-LUGAR, HORA DE SAÍDA E PROBA

O percorrido será ao longo do paseo da lagoa nun circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que se irán cubrindo as distancias de cada unha das categorías. O lugar de saída será enfrente a caseta de socorrismo no parque da praia da Frouxeira.



Milla Urbana – Concello de Valdoviño REGULAMENTO

CATEGORIAS	SEXO	HORA	DISTANCIA
Benxamín	Mulleres	11:10	500m
Benxamín	Homes	11:20	500m
Alevín	Mulleres/Homes	11:30	800m
Infantil	Mulleres/Homes	11:40	1000m
Cadete/Xuvenil	Mulleres/Homes	11:50	1609m
Jun/Prom/Sen/Vet1	Mulleres/Homes	12:00	1609m
Vet 2/Vet 3/Vet 4	Mulleres/Homes	12:10	1609m
Biberóns	Mulleres/Homes	12:30	100m

5.-INSCRICIÓNS

As inscricións faranse a través da páxina web www.galitiming.com, remantando o prazo ás 23:59 horas do luns 16 de setembro.

Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día da proba.

A inscrición será gratuíta.

6.-RETIRADA DE DORSAIS

A retirada de dorsais será o mesmo día da proba na caseta de socorrismo a partir das 10:00, e ata máximo media hora antes de cada proba.

O dorsal estará situado no peito e terá que ser visible ao longo de toda a proba.

7.-SERVIZOS

A organización disporá a asistencia sanitaria con ambulancia.

Ó finalizar cada carreira haberá servizo de avituallamento para cada participante.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.



Milla Urbana – Concello de Valdoviño REGULAMENTO

8.-TROFEOS E PREMIOS

Os premios serán repartidos da seguinte maneira:

- Medallas conmemorativas para todos/as na categoría Biberón.
- Medallas para os/ás 1º, 2º e 3º clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como femininos dende benxamíns ata veteranás 4.

9.-VEHÍCULOS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

10.-RETIRADAS E DESCALIFICACIÓNS

Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpla as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

O servizo médico da competición está facultado para retirar da carreira a calquer atleta que manifeste un mal estado físico.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ao cronometrador da competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

11.- OUTROS

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.



Milla Urbana – Concello de Valdoviño REGULAMENTO

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan únicamente como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou dende o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:

“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.”

Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.